

O Castro e Sargadelos



En 1949 Isaac Díaz Pardo deixa Madrid e volta a Galicia, deixando a pintura e pasándose á cerámica, montando un taller cerámico nas cocheiras do pazo da súa muller, Carme Arias, na parroquia de Samoedo, en Sada (A Coruña), dando lugar á Fábrica de Cerámica do Castro. Vinte e un anos despois, en 1970, e despois de pasar pola Arxentina e crear o Laboratorio de Formas, recupera a Real Fábrica de Sargadelos, en Cervo (Lugo) dedicada tamén á elaboración de pezas cerámicas, da autoría, entre outros de Luís Seoane, Carlos Silvar, Carme Arias, Vizoso e o propio Isaac. As pezas cerámicas do Castro e Sargadelos son moi variadas: vaixelas, esculturas, xoias, amuletos, lámpadas...



Un dos deseños de Isaac Díaz Pardo para Cerámica de Sargadelos

DÍA DAS ARTES GALEGAS 2025 1 DE ABRIL

Ilustración: Luís Seoane



DÍAZ PARDO

Isaac Díaz Pardo

Isaac Díaz Pardo naceu en Santiago de Compostela un 22 de agosto de 1920.

Era fillo de Antonia Pardo e do escritor, pintor e escenógrafo Camilo Díaz Baliño.



Isaac, de neno, co seu pai Camilo Díaz Baliño.

Aos dezanove anos marchou a Madrid a estudar na Escola de Belas Artes de San Fernando facendo os catro cursos da carreira en só dous anos.

Aos vinte e dous anos pasou a ter unha praza de profesor na Escola Superior de Belas Artes de San Jordi, en Barcelona, e comezou a facer exposicións de pintura por España, Europa e América.

En 1948 deixou a pintura e voltou a Galicia para fundar, xunto con outros socios, a fábrica de

Cerámicas do Castro, na localidade coruñesa de Sada. Posteriormente funda outra fábrica na Arxentina, país no que pasa trece anos e, xunto con Luís Seoane, crea a Fábrica de Formas á que seguirán outras iniciativas como Cerámica de Sargadelos, o Museo Carlos Maside, O Instituto Galego da Información, a editorial Edicións do Castro, o Seminario de Estudos Galegos...

Casou con Carme Arias de Castro, «Mimina», coa que tivo tres fillos: Camilo, Xosé e Rosendo.

Este ano a Real Academia Galega de Belas Artes escolleuno como protagonista do Día das Artes Galegas.



Díaz Pardo foi o ilustrador de *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas, un dos libros máis reeditados da literatura galega.